

VARDE.DINAMARCA

MOBILIDADE PROFESORADO

ERASMUS+ 2017-2018

PROFESORA: M. ALEJANDRA VÁZQUEZ LÓPEZ IES AS FONTIÑAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA



Erasmus+

A MUNICIPALIDADE




- Todo empezou pola municipalidade de Varde que centraliza todo o sistema educativo da zona. Dende alí me puxeron en contacto co centro educativo no que iba a facer a actividade de “Job-shadowing”.
- O centro chámase 10 iCampus e ten unha larga traxectoria en proxectos europeos.
- Todos os anos alumnos e profesores participan en proxectos europeos e en actividades de formación en distintos países da unión.



OS CENTROS EDUCATIVOS

- En realidade son dous centros educativos conectados físicamente por un pasillo e un comedor común. Un é o centro de bacharelato tradicional no que estuda o alumnado que quere ir a universiidade.
- O outro é un centro innovador no que os alumnos de 15-16 anos fan un curso dun ano de duración no que exploran distintas alternativas de futuro e reforzan materias nas que teñen problemas. Teñen tres vías: comercio internacional, deportes e formación profesional básica.
- Os dous centros compiten por conseguir alumnado dun pobo tan pequeno polo que se esforzan por ofrecer un curriculum atractivo no que as actividades, o traballo en equipo, os proxectos e o elemento europeo son sinais de identidade.

DOUS CENTROS EDUCATIVOS NUN



O NOVO CLAUSTRO



- Fun acollida no novo centro como unha máis. Organizaron entre todos unha semana de visitas as distintas aulas para a observación das clases e a varias actividades para que eu poidera entender como traballan.
- Todos falan inglés e outro idioma estranxeiro ademáis da súa lingua materna.
- Tamén programaron actividades culturais vinculadas ao pobo e visitas a organizacións e edificios de especial interese.


O PROGRAMA DE JOB-SHADOWING

- Con esta actividade os profesores temos o privilexio de observar como traballa outro profesor co obxecto de mellorar o noso traballo.
- En cada período nos centrarnos nun dos seguintes elementos: como se planifican as clases, como se usan a lingua obxecto de estudo e a lingua materna, a metodoloxía utilizada, se o enfoque da clase está máis centrado no alumno ou no profesor, nas actividades e no seu artellamento, na avaliación...
- Despois de a observación hai un período de reflexión sobre como foi cada clase: que elementos saíron ben e cales se poderían mellorar. Intentamos clarificar se se acadaron os obxectivos, de como o alumnado reaccionou as actividades propostas e de como planificar as seguintes clases tendo en conta todos estes datos.

COMO TRABALLAN NA AULA

- O número de materias que cursan é moi inferior ao dos nosos alumnos. O alumno ten entre 3 e 4 sesións de hora e media cada día. As clases teñen un ritmo moito máis tranquilo que aquí e son máis participativas.
- Todas as materias coa súa programación están na aula virtual a que teñen acceso familias, alumnado e profesorado. Nas clases o que se fai é a clarificación de dúbidas e as actividades que se desenvolven sobre todo en grupo.
- Cada actividade se explica ata que todos entenden o que hai que facer e se lles da todo o tempo que necesiten para acabala.
- Non hai timbres e as aulas son transparentes polo que se pode ver o que está a acontecer nelas. Os alumnos poden entrar e saír libremente. Cando traballan en grupo, por exemplo, poden ir a traballar a outro lugar do centro.
- As aulas teñen un mobiliario que non está fixo e que

AS ACTIVIDADES



AS ACTIVIDADES



Teñen un día a semana dedicado a actividades que poden ser no centro ou fora do centro. Cada actividade está cuidadosamente pensada para desenrolar contidos curriculares. Pretenden ademáis ser un elemento motivador e de descubrimento persoal. Por exemplo, profundizan no tipo de actividade laboral a que lles gustaría adicarse no futuro.

Fan moitas actividades nas que o alumnado ten que reflexionar sobre o seu futuro e dos pasos que teñen que dar para acadalo.

De feito este centro é un centro experimental no que ao alumnado que non sabe que facer co seu futuro se lle da a posibilidade de experimentar con varias tipos de formación profesional. Cambian cada mes e proban algo diferente.

Na semana que eu estiven alí visitamos unha escola danesa e un periódico danés en Alemania. Visitamos un centro de formación profesional onde os alumnos poden probar

AS ACTIVIDADES



AS LÍNGUAS

- As línguas están presentes en todo o centro. Estudan o inglés e teñen tamén a posibilidade de estudar castelán, francés e alemán.
- A pedagogía é moi similar a nosa. Tanto o alumnado como o profesorado usan a lingua obxecto de estudo case todo o tempo. Só usan o danés para explicar algún concepto complicado. Fan moitos proxectos curtos en grupo que teñen que expoñer aos outros compañeiros.
- Na clase de inglés estaban a traballar sobre o mundo da moda e da publicidade, na de alemán sobre deportistas famosos e na de español sobre o proceso de independencia en Cataluña polo que se interesaron moito.
- Teñen tamén alumnos con problemas en inglés e na lingua materna danés que reciben clases de reforzo

AS OUTRAS MATERIAS

- Teñen moitas menos materias ca nos: como moito catro cada día. De algún xeito consiguen adaptar o currículo as necesidades de cada alumno. Non hai dous alumnos co mesmo programa. Prácticamente non teñen deberes porque se fai todo na aula.
- As materias contan con aula propia e todo o material que un se poida imaxinar. Hai un número reducido de alumnos por aula.
- Todos teñen tablet ou ordenador portátil e non está claro a norma co uso do móbil. Hai profesores que piden que non se use pero o certo é que os alumnos non son quen de parar.
- Os exames teñen lugar todos nunha semana e cada día só hai un. Se preparan moito para ese exame facendo ensaios previos.

PARA QUE ESTUDAR

O sistema educativo danés e o noso teñen puntos en común pero tamén teñen moitos elementos que o diferencian e que deberían ser un punto de referencia para nos cara o que teríamos que camiñar.

É un sistema moi inclusivo no que o alumno pode volver sempre. Como exemplo no propio centro hai un aula para adultos que por distintos motivos non atopan traballo e que volven as aulas para adquirir novas destrezas e mellorar a súa empleabilidade.

Reciben todo a apoio posible para desenvolver as súas capacidades ao máximo e que non se queden fora da sociedade. A escola educa para o emprego pero tamén educa a cidadáns para a vida nunha sociedade democrática.

En cada aula hai algún refuxiado ou algún estudante doutro país que está facendo un programa de intercambio. Isto fai que estean en contacto coa multiculturalidade dende pequenos e que o aprendizaxe das linguas sexa unha prioridade nas súas vidas.

O alumnado entende que sempre pode volver ao sistema e que teñen todas as oportunidades que precisen. Tamén entenden que o estudio é a súa responsabilidade e as consecuencias que ten o abandono dos estudos.

Case todos eles traballan os fins de semana para conseguir independencia económica. A través de este traballo exploran as posibilidades que se lles abren para planificar o seu futuro.

A escola axuda a que os logros académicos non dependan do entorno do que un provén.

INTERESE DA PRENSA POLA ACTIVIDADE ERASMUS+

Un periódico local quixo facerme unha entrevista para falar sobre a actividade que eu estaba a desenvolver en Varde o sobre o meu centro IES As Fontiñas en Santiago de Compostela.



VARDE



- Varde é unha pequena comunidade de 13.500 habitantes que conta con catro centros de ensino: dous de primaria e dous de secundaria.
- Todo o sistema está centralizado dende o municipio que é quen regula os presupostos e toma as decisións. Cada semana unha asistente social visita os centros para falar dos casos que precisan de axuda.
- O municipio centraliza tamén os gabinetes sico-pedagóxicos e os centros de orientación de estudos e laboral.
- Así mesmo é onde está o centro de recursos con un material que reparte polos centros para poder elaborar os proxectos.

RESULTADOS

Que podemos aplicar nós no noso centro?

Moitas cousas:

1. Facer máis actividades con alumnos europeos para que poidan ter esa experiencia multicultural e que practiquen a lingua estranxeira: actividade por Skype e con emails.
2. Facer actividades cos alumnos que temos no centro que veñen de outros países e que nos poden axudar a adquirir esa sensibilidade polo que é a convivencia con outras culturas e outrass línguas.
3. A nivel do idioma engadir a Aula Virtual do noso centro actividades que sexan mais participativas e que axuden a desenvolver a destreza oral. Por exemplo, traballar mais con pequenos proxectos en equipo que teñen que expoñer en clase e que poderían compartir en Skype con alumnos de outros países.
4. Animar a máis alumnos e profesores a través de charlas nas que se comparta esta experiencia a que participen en actividades Erasmus+ como forma de mellorar as súas destrezas lingüísticas e laborais co fin de mellorar a súa formación e polo tanto a súa empleabilidade.



Erasmus+